

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de febreiro de 2025, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 2, 8, 15, 22 e 29 de xaneiro e 5 e 12 de febreiro de 2025.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión a licenza urbanística para construír unha nave industrial na parcela B5-B4-1 do Parque Empresarial das Gándaras, rúa Ramón Aller Ulloa (expte. 2024/Y001/000253).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a desestimación da solicitude de adquisición dunha parcela sobrante no lugar de Fontemaior da Parroquia de Coeses, exp. Ref. 2024/C022/000057.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado 4. contratación do servizo bancario de instalación de terminais de punto de venda nas dependencias municipais do Excelentísimo Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C005-000002.

Acórdase a 1ª prórroga do contrato dende o 31/03/2025 ata o 30/03/2026 na

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5988808396303090285.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-2-2025

contratación dun servizo de cociña, comedor e lavandería para a escola infantil “Gregorio Sanz” do Concello de Lugo, exp. ref. 2022-C003-000038.

Tamén se acorda a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración de flores, plantas de tempada e outros produtos de xardinería para o recinto cemiterio de San Froilán e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C004-000004.

Así mesmo, acórdas a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación mediante catro lotes do deseño, maquetación e impresión de material de papelería (carteis, folletos, dípticos, trípticos, programas grampados, libros, revistas...) para difusión de actividades culturais e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C003-000003.

Acórdase a desistencia do procedemento na contratación da subministración de produtos de limpeza e hixiénico-sanitarios para os servizos da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza: recinto Cemiterio San Froilán e prazas e mercados, exp. ref. 2025-C004-000003.

Tamén se acorda a primeira prórroga do contrato dende o 20/02/2025 ata o 19/02/2026 na contratación do servizo de mantemento, subministración de consumibles e reparacións dos sistemas de reprodución e impresión do Concello de Lugo, exp. ref. 2023/C003/000024.

Do mesmo xeito, acorda se a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da renovación de licenzas e mantemento dos firewalls perimetrais do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de contratación, exp. ref. 2025-C004-000010.

3. FOMENTO.- Acórdase a validación do acto de acordo co disposto no artigo 52 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas procedendo a ratificar o convenio asinado e referente a

convenio específico de colaboración cos concellos da provincia de Lugo para o proxecto: intervalos de referencia de microminerais esenciais e tóxicos na poboación da provincia de Lugo.

Fóra da orde do día

- Acórdase a aprobación das bases reguladoras do premio de deseño gráfico "Arde Lucus 2025" para elixir o cartel anunciador das festas de recreación histórica Arde Lucus 2025

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.